

BauGal 1. O mundo que habitamos


MANUAL DE USUARIO

Tecnoloxía

4º ESO

1. Menú principal

Tal e como se pode ver na imaxe que se presenta a continuación, na marxe esquerda da pantalla atópase o menú principal, dende o que é posible acceder á totalidade dos contidos da unidade.



Todos os ODES teñen un título que se pode ver na cabeceira e que se corresponde tamén coa primeira páxina, onde se inclúe o cronograma coa secuenciación por sesións e máis a seguinte documentación en formato pdf dispoñible para descargar:

- Criterios de avaliación
- Rúbricas
- Guía didáctica
- Ficheiro con teoría para imprimir
- Manual de usuario
- Referencias multimedia

Todos os ODE rematan cunha **tarefa final**, que é o reto ou desafío que se propón como produto de creación ó final de cada situación de aprendizaxe e cunha sección denominada **Que aprendín?**, onde o alumnado autoavalía os coñecementos adquiridos ó longo da secuencia.

Na **Introdución**, ademais de explicar claramente o obxectivo do contido e o propósito de aprendizaxe, proporcionamos un **estímulo**: un vídeo, presentación ou outro recurso interactivo, que permite ó alumnado conectar co tema e motivarse para explorar o contido de forma máis profunda. Este enfoque busca captar a súa atención e facilitar a comprensión do tema desde diferentes perspectivas.



Estímulo: imaxes misteriosas




As casas, igual ca as persoas, teñen unha identidade propia. Ás veces, con só ver un pequeno detalle, podemos recoñecer a súa historia, o lugar ao que pertencen ou incluso o xeito de vida das persoas que as habitaron.

Nesta actividade, poñeremos a proba a vosa capacidade de observación! Proxectarémosvos varias imaxes con fragmentos de vivendas tradicionais galegas: unha porta con historia, un balcón de madeira traballado, unha cheminea de pedra... O voso reto será adiviñar a que tipo de vivenda pertence cada detalle e en que zona de Galicia poderíamos atopala.

Que materiais vedes na imaxe? Pedra, madeira, ferro...? Que nos din sobre a vivenda?

Pensades que a casa está nunha zona de costa ou de interior? Por que?

Como credes que influíu o clima ou a forma de vida na súa construción?



2. Tipos de contidos e actividades

A partir da *Introdución*, os contidos vanse organizando de xeito secuenciado coas súas correspondentes explicacións e actividades.

As actividades de **COMPRESIÓN (cor morada)** presentan a información e os contidos en distintos formatos.



Que aspectos debemos coidar?

Para estarmos sanos física e psiquicamente, debemos vivir con confort. Para isto hai certas regras básicas que debe cumprir a nosa vivenda:

+ Luz

Iluminancia: cantidade de enerxía luminosa que incide sobre unha superficie. Para o confort lumínico, a iluminancia debe estar entre os 100-1000 luxes.

Conellos:

1. Substituír luces alto consumo (incandescente e fluorescente) por baixo consumo (LED).
2. Ter un sistema ou equipo de iluminación adecuado a cada tipo de tarefas (cantidade, luz directa-luz tenue).
3. Evitar reflexións molestas (contrastes, deslumbramentos, sombras excesivas...)
4. Manter en bo estado os equipos de iluminación.

+ Temperatura

+ Humidade

+ Espazos

Outras tarefas máis enfocadas á **IMPLICACIÓN** teñen asignada a **cor verde**, están pensadas para espertar a motivación e o interese do alumnado.



Somos coherentes?



Duración: 10 min.

Agrupamento: En grupos de 2.

Traballo en parella




Reflexionade sobre o coñecemento que deben compartir emisor/a e destinatario/a para que estes textos se perciban como coherentes.

- - Xa marchas?
- - Ai Pepiño adiós, ai Pepiño adiós...
- Se tivese diñeiro, mercaba un Laxeiro.
- Cal é o teu PIN?

Elaboración propia a partir d.

Traballo por parellas (CC BY-SA)

As actividades interactivas xogo, de encher ocos, de resposta simple ou múltiple... son as de **cor azul**, así como as de **EXPRESIÓN** e requiren a participación activa do alumnado:

 **Ti que cres?**

A continuación, presentarás un conxunto de afirmacións relacionadas cos textos descritivos. Debes ler atentamente cada frase e decidir se é Verdadeira ou Falsa. Lembra que os textos descritivos teñen como obxectivo principal transmitir unha imaxe clara e detallada de persoas, lugares, obxectos ou situacións a través de palabras

Nos textos descritivos, o obxectivo é contar unha historia de maneira detallada.


☐ Verdadeiro ☐ Falso

Os textos descritivos deben utilizar adxectivos e detalles sensoriais para que o lector poida imaxinar o obxecto ou lugar descrito.

☐ Verdadeiro ☐ Falso

Os textos descritivos só se usan para describir lugares, pero non persoas ou obxectos.


☐ Verdadeiro ☐ Falso

 **É a túa quenda**

Duración: 20 min.
Agrupamento: 2

En grupos de 2 seleccionam os unha noticia do xornal **Nós Diario** e buscamos as características dos textos informativos.

Emprega esta lista de cotexto para facer a tarefa:



Traballo en parella

[Creada por Alexandra Pacheco en Canva a partir de imaxe xerada por ChatGPT-4.](#)
[Traballo por parellas \(CC BY-SA\)](#)

 **A ver canto sabemos...**

Que tipo de texto é este?:

Predición xeral para Galicia
Actualizado o martes, 02 xullo 2024 - 19:04h



Comentario
O mañá continuaremos con predomínio das altas presións en Galicia. Agárdase unha chegada de tempo seco, nubes ás primeiras horas en puntos do interior e algunhas nubes baixas ao norte. Pola tarde, ceos pouco nubrados ou despechados. As temperaturas mínimas sufrirán un lixeiro descenso, mentres que as máximas seguirán sen cambios significativos. O vento seguirá fraco de compoñente norte, moderado das Rías Baixas.


Meteogalicia. Predición meteorolóxica

Algunhas das actividades cómpre despregalas para velas de xeito maximizado:

Averigua quen son estas personalidades da Arquitectura e Urbanismo en Galicia

Relaciona cada tarxeta coa súa parella.

6 ✓ 0 ✗ 0 0 0

César Portela	
Teresa Táboas	
Chus Blanco	
Pilar Rojo Noguera	

Clic para ver as imaxes a pantalla completa → 


Clic para despregar as imaxes → 

Cómpre salientar que en todos os ODES é posible atopar, ademais das actividades referidas, algún material complementario de apoio cuxa autoría está debidamente referenciada na documentación deste proxecto. Referímonos a vídeos de curta duración relacionados cos contidos traballados.



Organizamos a información nun "Visual Thinking"

Para interiorizar algúns dos conceptos básicos que acabamos de ver sobre os diferentes tipos de texto imos facer un mapa mental mediante a técnica de "Visual Thinking":



INTEF. Visual Thinking en Educación (CC BY-SA)

O proxecto BauGal está deseñado para traballar de forma interdisciplinar entre as materias de Lingua Galega e Literatura e Tecnoloxía durante un trimestre de 4º de ESO. Ó final de cada ODE, sempre existe a oportunidade de realizar unha **tarefa interdisciplinar** que combine os coñecementos adquiridos en ambas as materias.

BauGal 1. O mundo que habitamos.
Guía inicial

1. Onde vivimos?
2. Vivenda e clima
3. Elementos dunha vivenda
4. Vivenda: saúde e confort
5. Vivenda galega
6. Xeolocalización

Tarefa interdisciplinar: Padlet e exposición oral

Que aprendín?

Tarefa interdisciplinar
Tecnoloxía - Lingua galega

Tarefa interdisciplinar: Padlet e exposición oral

Padlet das nosas casas

Duración: 50'
Tarefa final BauGal_Tecno Individual

Hora de investigar! Debes entrevistar a alguén da túa familia para completar esta tarefa.

1. Redacta un informe sobre unha vivenda familiar:

- Ubicación (link a Google maps e localización catastral), orientación da fachada principal e zona de paisaxe ([Guía das 12 zonas de paisaxe, dos materiais e cores](#)).
- Estrutura e materiais. A casa está feita con materiais locais? Correspóndense estes cos doutras construcións da zona?
- Distribución de espazos. Son funcionais de acordo cos usos da vivenda? Correspóndense cos doutras construcións da zona?
- Cres que a túa vivenda proporciona adecuado confort higrótérmico? e lumínico?

2. Padlet

3. Accesibilidade

Os contidos do proxecto BauGal seguen os principios do Deseño Universal para o Aprendizaxe (DUA), co obxectivo de garantir que todo o alumnado poida acceder á aprendizaxe de maneira inclusiva e equitativa. Para iso, ofrecemos materiais adaptados que inclúen lectura facilitada, axudando á comprensión mediante textos claros e sen tecnicismos. Ademais, incluimos audios para que os e as estudantes poidan escoitar os contidos e reforzar a comprensión auditiva. Deste xeito, tratamos de atender ás diferentes necesidades e estilos de aprendizaxe, promovendo un ambiente educativo accesible para todas as persoas.

Ana Morales. Urbanismo accesible (IA Adobe Firefly) (CC BY-SA)

Estímulo

Audio

00:00 00:11

Tarefa: Investigación e debate

Lectura facilitada

O clima

O **clima** é moi importante para construír vivendas.

O **clima** é o tempo nun lugar durante moitos anos. (30 ou máis).

O clima inclúe:

- A temperatura
- Chuvia A chuvia
- Vento O vento
- Neve A neve

En todos os ODEs do noso proxecto, incluímos actividades que traballan aspectos fundamentais como as **emocións, a convivencia e a igualdade**. Estas actividades están deseñadas para fomentar a reflexión crítica e a empatía entre a rapazada, promovendo un ambiente de respecto mutuo e solidariedade.



"Habitar xuntas"

🎯 Obxectivo:

Traballar o vocabulario da vivenda 🏠 e as propiedades textuais 📖 mediante un texto descritivo que promova a **convivencia** 🤝 e a **solidariedade** ❤️.

🔧 Desenvolvemento:

1. Contexto:

Ides escribir un texto descritivo 📝 dunha vivenda ideal 🏠 onde convivan diferentes persoas 👨‍👩‍👧 (familias de orixes diferentes 🌍, persoas con discapacidade ♿, maiores 👴👵 e mozos 👨👩, etc.).

O texto debe describir un espazo onde todo o mundo se sintan cómodo 😊.

2. Instrucións:

- Describir como sería a vivenda 🏠 e as estancias principais: cociña 🍳, salón 🛋️, cuartos 🛏️, baño 🚽.
- Incluír elementos de convivencia: espazos compartidos 🤝, zonas de lecer 🎮, actividades colectivas 🎵.
- Usar vocabulario relacionado coa vivenda 🏠, como hórreo, lareira 🔥, escaleiras 🪜, salón 🛋️, etc.
- Destacar como a vivenda e os espazos están adaptados para promover a solidariedade 💕, a convivencia pacífica 🕊️ e a inclusión de diferentes colectivos 🌈.


Ademais, ó inicio de cada ODE inclúese sempre un ficheiro **pdf imprimible coa teoría** para aquel alumnado que prefira estudar directamente en papel.



Teoría para imprimir

Descargar

Imprimir



Alexandra Pacheco. Ficheiro coa teoría (CC BY-SA)

4. Avaliación

A avaliación de cada ODE está claramente explicada ó principio de cada unidade, de modo que os estudantes comprendan desde o inicio os obxectivos e criterios que se terán en conta para valorar o seu traballo. O propósito desta avaliación é ofrecer unha retroalimentación construtiva que permita ó alumnado reflexionar sobre o seu propio proceso de aprendizaxe, identificar áreas de mellora e reforzar os seus logros. Así, a avaliación non se limita a un simple control, senón que se converte nunha ferramenta de apoio que axuda a consolidar o aprendizaxe e a desenvolver competencias clave.



Avaliación



Criterios de avaliación

CE1.1: Comprender o sentido global, a intención comunicativa e a organización dos textos descritivos, tanto orais como escritos.

CE2.1: Producir textos escritos e orais con adecuación, coherencia, cohesión, corrección lingüística e riqueza léxica, en distintos contextos comunicativos.

CE3.1: Empregar conscientemente os elementos do texto descritivo (estrutura, marcadores, adxectivación, léxico específico) para construír discursos con intención informativa e estética.

CE4.1: Valorar a lingua galega como ferramenta de comunicación e expresión, incorporándoa activamente na produción de contidos significativos ligados á cultura local.

Porcentaxes de avaliación

Lembramos os tipos de texto (Familiarización co proxecto):

Porcentaxe de avaliación: 10%

Esta fase establece as bases para o desenvolvemento do proxecto e, aínda que é esencial, non require unha avaliación moi exhaustiva. A súa función principal é conectar co alumnado e afondar nos coñecementos previos.

Construímos textos adecuados (Role-playing e adaptación ao contexto):

Porcentaxe de avaliación: 15%

Esta fase contribúe á capacidade do alumnado para crear discursos adecuados ao contexto e á audiencia, promovendo a interacción e mellorando a súa comunicación oral. A avaliación debe ter en conta tanto o esforzo como a capacidade de adaptación e o traballo en grupo.

Redactamos con coherencia e cohesión (Traballo sobre propiedades de coherencia e cohesión):

Porcentaxe de avaliación: 20%

A capacidade para redactar de maneira coherente e cohesionada é clave para o éxito na tarefa final, por iso esta fase debe ter un peso significativo. A avaliación